1º	EFB1.3.5 - Acepta formar parte do grupo que lle corresponda e o resultado das competicións con deportividade.	Acepta formar parte do grupo que lle corresponde e sabe ganar e perder con deportividade.	Diario de clase	CSC CAA	5%
1º	EFB2.1.1 - Respecta a diversidade de realidades corporais e deniveis de competencia motriz entre os nenos e nenas da clase.	Respecta a diversidade da clase aceptando as diferenzas motrices.	Diario de clase	CSC CAA	5%
1º	EFB2.1.2 - Toma de conciencia das esixencias e valoración do esforzo que comportan as aprendizaxes de novas habilidades.	Esfórzase cando se lle presentan novas habilidades para superarse cada día.	Diario de clase	CSC CAA CSIEE	5%
1º	EFB3.1.1 - Adapta os desprazamentos a diferentes tipos de contornos e de actividades físico-deportivas e artístico-expresivas axustando a súa realización aos parámetros espazo-temporais e mantendo o equilibrio postural.	Realiza os desprazamentos axeitados nas actividades propostas axustándose a estímulos e-t propostos e mantendo o equilibrio.	Diario de clase	CSC CCEC CAA CSIEE	5%
1º	EFB3.1.2 - Adapta a habilidade motriz básica de salto a diferentes tipos de contornos e de actividades físico-deportivas e artístico-expresivas, axustando a súa realización aos parámetros espazo-temporais e mantendo o equilibrio postural.	Realiza os saltos axeitados nas actividades propostas axustándose a estímulos e-t propostos e mantendo o equilibrio.	Diario de clase	CSC CCEE CAA CSIEE	5%



1º	EFB5.1.1 - Interésase por mellorar as capacidades físicas.	Interésase por mellorar as cfbb.	Diario de clase	CSIEE CAA	5%
1º	EFB5.1.2 - Relaciona os principais hábitos de alimentación coa actividade física (horarios de comidas, calidade/cantidade dos alimentos inxeridos etc.).	Relaciona hábitos de alimentación-actividade física.	Diario de clase	CSC CAA CMCT	5%
1º	EFB5.1.4 - Adopta e promove hábitos posturais axeitados na súa vida cotiá e na práctica da actividade física, recoñecendo a súa importancia para saúde	Adopta hábitos posturais axeitados e recoñece as súa importancia para a saúde.	Diario de clase	CSC CAA CSIEE CMCT	5%
1º	EFB5.1.5 - Realiza os quecementos de forma autónoma esistemática, valorando a súa función preventiva.	Realiza os quecementos de maneira autónoma e recoñece os seus beneficios para a saúde.	Diario de clase	CSC CAA CSIEE	5%
1º	EFB5.2.1 - Mostra unha mellora global con respecto ao seu nivel de partida das capacidades físicas orientadas á saúde.	Mellora as súas cfbb con respecto ao punto de partida.	Diario de clase	CAA CSIEE CSC	5%
1º	EFB5.2.3 - Adapta a intensidade do seu esforzo ao tempo de duración da actividade.	Adapta os seus ritmos físicos ás actividades propostas.	Diario de clase	CAA CSIEE CSC	7%
1º	EFB6.1.2 - Realiza combinacións de habilidades motrices básicas axustándose a un obxectivo e a uns parámetros espazo-temporais.	Utiliza axeitadamente as habilidades básicas nas actividades propostas.	Diario de clase	CAA CSIEE CSC	7%
1º	EFB6.3.1 - Identifica a capacidade física básica implicada de forma máis significativa nos exercicios.	Identifica as cfbb que interveñen nos exercicios propostos.	Diario de clase	CMCT CSC CAA	7%



1º	EFB6.3.2 - Recoñece a importancia do desenvolvemento das capacidades físicas para a mellora das habilidades motrices.	Recoñece a relación da mellora das cfbb coa mellora das habilidades motrices.	Diario de clase	CMCT CAA CSC	6%
1º	EFB6.3.4 - Describe os exercicios realizados, usando os termos e coñecementos que sobre o aparello locomotor se desenvolven na área de Ciencias da natureza.	Relaciona os coñecementos de Ciencias da Natureza cos exercicios que realiza en educación física.	Diario de clase	CMCT CCL CSC CAA	4%
2º	EFB1.1.1 - Adopta unha actitude crítica ante as modas e a imaxe corporal dos modelos publicitarios.	Adopta unha actitude crítica ante as modas e os modelos publicitarios.	Diario de clase	CSC CAA CSIEE	2%
2º	EFB1.1.2 - Explica aos seus compañeiros e compañeiras as características dun xogo practicado na clase e o seu desenvolvemento.	Explica con claridade as normas dun xogo practicado na clase.	Diario de clase	CCL CAA CSC	2%
2º	EFB1.1.3 - Recoñece e cualifica negativamente as condutas inapropiadas que se producen na práctica ou nos espectáculos deportivos.	Recoñece e cualifica negativamente as condutas inapropiadas que se producen na práctica ou nos espectáculos deportivos.	Diario de clase	CSC CAA CSIEE	2%
2º	EFB1.1.4 - Demostra un nivel de autoconfianza axeitada ás súas capacidades.	Demostra un nivel de autoconfianza axeitado ás súas posibilidades.	Diario de clase	CSC CSIEE CAA	6%
2º	EFB1.2.1 - Utiliza as novas tecnoloxías para localizar e extraer a información que se lle solicita.	Atopa a información que se lle pide na rede.	Diario de clase	CD CAA	3%

2º	EFB1.2.2 - Presenta os seus traballos atendendo as pautas proporcionadas, con orde, estrutura e limpeza, e utilizando programas de presentación.	Segue as pautas prescritas nos traballos propostos.	Diario de clase	CCL CD CAA	2%
2º	EFB1.2.3 - Expón as súas ideas de forma coherente e exprésase de forma correcta en diferentes situacións e respecta as opinións dos e das demais.	Expón as súas opinións de maneira coherente e respecta as dos demais.	Diario de clase	CCL CSC	6%
2º	EFB1.3.1 - Participa activamente nas actividades propostas buscando unha mellora da competencia motriz.	Participa con interese nas actividades propostas	Diario de clase	CSC CAA	6%
2º	EFB1.3.2 - Demostra autonomía e confianza en diferentes situacións, resolvendo problemas motores con espontaneidade e creatividade	Responde a situacións motoras propostas con eficacia.	Diario de clase	CSIEE CAA CCEC	6%
2º	EFB1.3.3 - Incorpora nas súas rutinas o coidado e hixiene do corpo.	Realiza e é responsable do seu aseo despois da actividade física.	Diario de clase	CSC CSIEE CAA	3%
2º	EFB1.3.4 - Participa na recollida e organización de material utilizado nas clases.	Participa cando lle corresponde na recollida do material utilizado nas sesións.	Diario de clase	CSC	2%
2º	EFB1.3.5 - Acepta formar parte do grupo que lle corresponda e o resultado das competicións con deportividade.	Acepta formar parte do grupo que lle corresponde e sabe ganar e perder con deportividade.	Diario de clase	CSC CAA	3%
2º	EFB2.1.1 - Respecta a diversidade de realidades corporais e de niveis de competencia motriz entre os nenos e nenas da clase.	Respecta a diversidade da clase aceptando as diferenzas motrices.	Diario de clase	CSC CAA	3%

2º	EFB2.1.2 - Toma de conciencia das esixencias e valoración do esforzo que comportan as aprendizaxes de novas habilidades.	Esfórzase cando se lle presentan novas habilidades para superarse cada día.	Diario de clase	CSC CAA CSIEE	2%
2º	EFB3.1.3 - Adapta as habilidades motrices básicas de manipulación de obxectos (lanzamento, recepción, golpeo etc.) a diferentes tipos de contornos e de actividades físico-deportivas e artístico-expresivas, aplicando correctamente os xestos e utilizando os segmentos dominantes e non dominantes	Realiza os lanzamentos e recepcións axeitados nas actividades propostas axeitados nas actividades propostas utilizando segmentos dominantes e non dominantes.	Diario de clase	CSC CCEE CAA CSIEE	5%
2º	EFB3.1.4 - Aplica as habilidades motrices de xiro a diferentes tipos de contornos e de actividades físico-deportivas e artístico-expresivas, tendo en conta os tres eixos corporais e os dous sentidos, e axustando a súa realización aos parámetros espazo-temporais e mantendo o equilibrio postural.	Aplica os xiros ás actividades propostas tendo en conta os tres eixos posturais, axustándose aos estímulos e-t e mantendo o equilibrio postural.	Diario de clase	CSC CCEE CAA CSIEE	5%
2º	EFB3.1.5 - Mantén o equilibrio en diferentes posicións e superficies.	Mantén o equilibrio nas actividades propostas.	Diario de clase	CSC CAA CSIEE	5%
2º	EFB5.1.1 - Interésase por mellorar as capacidades físicas.	Interésase por mellorar as cfbb.	Diario de clase	CSIEE CAA	3%
2º	EFB5.1.2 - Relaciona os principais hábitos de alimentación coa actividade física (horarios de comidas, calidade/cantidade dos alimentos ingeridos etc.).	Relaciona hábitos de alimentación-actividade física.	Diario de clase	CSC CAA CMCT	2%

2º	EFB5.1.4 - Adopta e promove hábitos posturais axeitados na súa vida cotiá e na práctica da actividade física, recoñecendo a súa importancia para saúde.	Adopta hábitos posturais axeitados e recoñece as súa importancia para a saúde.	Diario de clase	CSC CAA CSIEE CMCT	2%
2º	EFB5.1.5 - Realiza os quecementos de forma autónoma sistemática, valorando a súa función preventiva.	Realiza os quecementos de maneira autónoma e recoñece os seus beneficios para a saúde.	Diario de clase	CSC CAA CSIEE	5%
2º	EFB5.2.1 - Mostra unha mellora global con respecto ao seu nivel de partida das capacidades físicas orientadas á saúde.	Mellora as súas cfbb con respecto ao punto de partida.	Diario de clase	CAA CSIEE CSC	2%
2º	EFB5.2.3 - Adapta a intensidade do seu esforzo ao tempo de duración da actividade.	Adapta os seus ritmos físicos ás actividades propostas.	Diario de clase	CAA CSIEE CSC	5%
2º	EFB5.2.4 - Identifica o seu nivel comparando os resultados obtidos en probas de valoración das capacidades físicas e coordinativas cos valores correspondentes á súa idade	Identifica o seu nivel comparándoo cos valores DAFIS.	Diario de clase	CAA CMCT CSC	2%
2º	EFB5.3.1 - Explica e recoñece as lesións e enfermidades deportivas máis comúns, así como as accións preventivas e os primeiros auxilios.	Recoñece as lesións máis comúns e os primeiros auxilios fundamentais.	Diario de clase	CCL CAA CSC CMCT	2%
2º	EFB6.1.1 - Utiliza os recursos adecuados para resolver situacións básicas de táctica individual e colectiva en diferentes situacións motrices.	Utiliza tácticas en situacións de xogos e predeportes propostos.	Diario de clase	CSC CSIEE CAA	2%
2º	EFB6.1.2 - Realiza combinacións de habilidades motrices básicas axustándose a un obxectivo e a uns parámetros espazo-temporais.	Utiliza axeitadamente as habilidades básicas nas actividades propostas.	Diario de clase	CAA CSIEE CSC	5%

2º	EFB6.3.2 - Recoñece a importancia do desenvolvemento das capacidades físicas para a mellora das habilidades motrices.	Recoñece a relación da mellora das cfbb coa mellora das habilidades motrices.	Diario de clase	CMCT CAA CSC	6%
2º	EFB6.3.3 - Distingue na práctica de xogos e deportes individuais e colectivos estratexias de cooperación e de oposición.	Distingue nas actividades propostas estratexias de colaboración- oposición	Diario de clase	CMCT CAA CSC	5%
3º	EFB1.1.1 - Adopta unha actitude crítica ante as modas e a imaxe corporal dos modelos publicitarios.	Adopta unha actitude crítica ante as modas e os modelos publicitarios.	Diario de clase	CSC CAA CSIEE	2%
3º	EFB1.1.2 - Explica aos seus compañeiros e compañeiras as características dun xogo practicado na clase e o seu desenvolvemento.	Explica con claridade as normas dun xogo practicado na clase.	Diario de clase	CCL CAA CSC	2%
3º	EFB1.1.3 - Recoñece e cualifica negativamente as condutas inapropiadas que se producen na práctica ou nos espectáculos deportivos.	Recoñece e cualifica negativamente as condutas inapropiadas que se producen na práctica ou nos espectáculos deportivos.	Diario de clase	CSC CAA CSIEE	2%
3º	EFB1.1.4 - Demostra un nivel de autoconfianza axeitada ás súas capacidades.	Demostra un nivel de autoconfianza axeitado ás súas posibilidades.	Diario de clase	CSC CSIEE CAA	6%
3º	EFB1.2.1 - Utiliza as novas tecnoloxías para localizar e extraer a información que se lle solicita.	Atopa a información que se lle pide na rede.	Diario de clase	CD CAA	2%
3º	EFB1.2.2 - Presenta os seus traballos atendendo as pautas proporcionadas, con orde, estrutura e limpeza, e utilizando programas de presentación.	Segue as pautas prescritas nos traballos propostos.	Diario de clase	CCL CDCAA	2%

3º	EFB1.2.3 - Expón as súas ideas de forma coherente e exprésase de forma correcta en diferentes situacións e respecta as opinións dos e das demais.	Expón as súas opinións de maneira coherente e respecta as dos demais.	Diario de clase	CCL CSC	6%
3º	EFB1.3.1 - Participa activamente nas actividades propostas buscando unha mellora da competencia motriz.	Participa con interese nas actividades propostas	Diario de clase	CSC CAA	6%
3º	EFB1.3.2 - Demostra autonomía e confianza en diferentes situacións, resolvendo problemas motores con espontaneidade e creatividade	Responde a situacións motoras propostas con eficacia.	Diario de clase	CSIEE CAA CCEC	6%
3º	EFB1.3.3 - Incorpora nas súas rutinas o coidado e hixiene do corpo.	Realiza e é responsable do seu aseo despois da actividade física.	Diario de clase	CSC CSIEE CAA	2%
3º	EFB1.3.4 - Participa na recollida e organización de material utilizado nas clases.	Participa cando lle corresponde na recollida do material utilizado nas sesións.	Diario de clase	CSC	2%
3º	EFB1.3.5 - Acepta formar parte do grupo que lle corresponda e o resultado das competicións con deportividade.	Acepta formar parte do grupo que lle corresponde e sabe ganar e perder con deportividade.	Diario de clase	CSC CAA	2%
3º	EFB1.3.6 - Recoñece e respecta as normas de educación viaria en contornos habituais e non habituais.	Recoñece as normas de educación viaria traballadas na clase.	Diario de clase	CSC CAA	2%
3º	EFB2.1.1 - Respecta a diversidade de realidades corporais e de niveis de competencia motriz entre os nenos e nenas da clase.	Respecta a diversidade da clase aceptando as diferenzas motrices.	Diario de clase	CSC CAA	2%

3º	EFB2.1.2 - Toma de conciencia das esixencias e valoración do esforzo que comportan as aprendizaxes de novas habilidades.	Esfórzase cando se lle presentan novas habilidades para superarse cada día.	Diario de clase	CSC CAA CSIEE	2%
3º	EFB3.1.6 - Realiza e propón actividades físicas e xogos no medio natural ou en contornos non habituais, adaptando as habilidades motrices á diversidade e incerteza procedente do contorno e ás súas posibilidades.	Realiza os xogos propostos no medio natural utilizando as súas habilidades motrices para dar respostas eficaces.	Diario de clase	CSC CAA CSIEE	2%
3º	EFB4.1.1 - Representa personaxes, situacións, ideas, sentimentos, utilizando os recursos expresivos do corpo individualmente, en parellas ou en grupos.	Representa personaxes, situacións, ideas, sentimentos, utilizando os recursos expresivos do corpo individualmente, en parellas ou en grupos.	Diario de clase	CCEC CSCCAA	2%
3º	EFB4.1.2 - Representa ou expresa de forma creativa movementosa partir de estímulos rítmicos ou musicais, individualmente, en parellas ou grupos.	Representa unha coreografía básica a partir de un ritmo.	Diario de clase	CCEC CSC CAA	6%
3º	EFB4.1.3 - Coñece, propón e leva a cabo bailes e danzas representativas da cultura galega e doutras culturas, seguindo unha coreografía establecida.	Coñece e leva a cabo bailes e danzas representativas da cultura galega propostas.	Diario de clase	CCEC CAA CSC CSIEE	2%
3º	EFB4.1.4 - Constrúe e leva a cabo composicións grupais en interacción cos compañeiros e compañeiras utilizando os recursos expresivos do corpo e partindo de estímulos musicais, plásticos ou verbais.	Crea unha composición grupal cos seus compañeiros	Diario de clase	CCEC CAA CSC	2%
3º	EFB4.2.1 - Identifica a capacidade física básica implicada de forma máis significativa nas actividades expresivas.	Identifica as capacidades físicas básicas implicadas nas actividades propostas.	Diario de clase	CMCT CSC CAA	1%



3º	EFB4.2.2 - Recoñece a importancia do desenvolvemento das capacidades físicas para a mellora das habilidades motrices implicadas nas actividades artístico-expresivas.	Recoñece a correspondencia entre mellora das cfb, mellora das habilidades motrices e mellora das actividades artístico -expresivas.	Diario de clase	CMCT CAA CSC	1%
3º	EFB5.1.1 - Interésase por mellorar as capacidades físicas.	Interésase por mellorar as cfbb.	Diario de clase	CSIEE CAA	2%
3º	EFB5.1.2 - Relaciona os principais hábitos de alimentación coa actividade física (horarios de comidas, calidade/cantidade dos alimentos ingeridos etc.).	Relaciona hábitos de alimentación-actividade física.	Diario de clase	CSC CAA CMCT	2%
3º	EFB5.1.3 - Recoñece os efectos beneficiosos do exercicio físico para a saúde e os prexudiciais do sedentarismo, dunha dieta desequilibrada e do consumo de alcohol, tabaco e outras substancias.	Recoñece os efectos beneficiosos do exercicio físico para a saúde e os riscos do sedentarismo e o consumo de tabaco e alcohol.	Diario de clase	CSC CAA CMCT	2%
3º	EFB5.1.4 - Adopta e promove hábitos posturais axeitados na súa vida cotiá e na práctica da actividade física, recoñecendo a súa importancia para a saúde.	Adopta hábitos posturais axeitados e recoñece a súa importancia para a saúde.	Diario de clase	CSC CAA CSIEE CMCT	2%
3º	EFB5.1.5 - Realiza os quecementos de forma autónoma e sistemática, valorando a súa función preventiva.	Realiza os quecementos de maneira autónoma e recoñece os seus beneficios para a saúde.	Diario de clase	CSC CAA CSIEE	2%
3º	EFB5.2.1 - Mostra unha mellora global con respecto ao seu nivel de partida das capacidades físicas orientadas á saúde.	Mellora as súas cfbb con respecto ao punto de partida.	Diario de clase	CAA CSIEE CSC	2%



3º	EFB5.2.2 - Identifica a súa frecuencia cardíaca e respiratoria, endistintas intensidades de esforzo.	Identifica a súa frecuencia cardíaca e respiratoria en distintas situacións.	Diario de clase	CAA CMCT CSC	2%
3º	EFB5.2.3 - Adapta a intensidade do seu esforzo ao tempo deduración da actividade.	Adapta os seus ritmos físicos ás actividades propostas.	Diario de clase	CAA CSIEE CSC	6%
3º	EFB5.3.1 - Explica e recoñece as lesións e enfermidades deportivas máis comúns, así como as accións preventivas e os primeiros auxilios.	Recoñece as lesións máis comúns e os primeiros auxilios fundamentais.	Diario de clase	CCL CAA CSC CMCT	2%
3º	EFB6.1.1 - Utiliza os recursos adecuados para resolver situacións básicas de táctica individual e colectiva en diferentes situaciónsmotrices.	Utiliza tácticas en situacións de xogos e predeportes propostos.	Diario de clase	CSC CSIEE CAA	6%
3º	EFB6.2.1 - Expón as diferenzas, características e/ou relacións entre xogos populares, deportes colectivos, deportes individuais e actividades natureza.	Expón as características e diferenzas entre xogos populares e deportes e actividades na natureza.	Diario de clase	CCL CCEE CAA CSC	2%
3º	EFB6.2.2 - Recoñece a riqueza cultural, a historia e a orixe dosxogos e os deportes tradicionais de Galicia.	Recoñece a riqueza cultural dos xogos e deportes tradicionais de Galiza.	Diario de clase	CCEC CAA CSC	2%
3º	EFB6.2.3 - Realiza e pon en valor distintos xogos e deportestradicionais de Galicia respectando os principios e regras específicas destes.	Recoñece e respecta as normas dos xogos tradicionais galegos traballados na clase.	Diario de clase	CCEC CAA CSC	6%
3º	EFB6.3.2 - Recoñece a importancia do desenvolvemento das capacidades físicas para a mellora das habilidades motrices.	Recoñece a relación da mellora das cfbb coa mellora das habilidades motrices.	Diario de clase	CMCT CAA CSC	2%

3º	EFB6.3.4 - Describe os exercicios realizados, usando os termos e coñecementos que sobre o aparello locomotor se desenvolven na área de Ciencias da natureza.	Relaciona os coñecementos de Ciencias da Natureza cos exercicios que realiza en educación física.	Diario de clase	CMCT CCL CSC CAA	2%
3º	EFB6.4.1 - Faise responsable da eliminación dos residuos que sexeran as actividades no medio natural	Faise responsable dos residuos que xera.	Diario de clase	CSS CAA	2%
3º	EFB6.4.2 - Utiliza os espazos naturais respectando a flora e a fauna do lugar.	Respecta a flora e a fauna do seu espazo próximo nas actividades realizadas na área.	Diario de clase	CSS CAA	2%

## **5. CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS**

A metodoloxía terá en conta as características do alumnado e estará dirixida a lograr os obxectivos de Etapa e as Competencias Clave. Nese sentido propoñeranse actividades que integren os elementos do currículo. Partirase de estilos que favorezan a búsqueda, a indagación e a investigación implicando aspectos mentais nas execucións motrices, dende unha perspectiva global, tendo en conta as características individuais. A metodoloxía didáctica será fundamentalmente comunicativa inclusiva, activa e participativa.

Segundo nos di o decreto 105/2014 a selección dos contidos e as metodoloxías activas e contextualizadas deben asegurar o desenvolvemento das competencias clave ao longo de toda a etapa, as estruturas de aprendizaxe cooperativo posibilitarán a resolución conxunta das tarefas e dos problemas, e potenciarán a inclusión do alumnado, potenciaremos o uso dunha variedade de materiais e recursos, favoreceremos metodoloxías que teñan a súa base no descubrimento guiado, a resolución de problemas, o traballo por retos ou a cooperación e buscaremos a implicación das familias como un factor clave para facer dos nosos alumnos e alumnas suxeitos activos na xestión da súa saúde e na adquisición de hábitos de vida saudable.

Todo isto levarase a cabo mediante propostas cun carácter eminentemente global e lúdico, ata o punto de converter o xogo no

contexto ideal para a maioría das aprendizaxes.

### **Estilos de ensino.**

Seguiranse os de Muska Mosston que establece unha progresión dende os máis directivistas aos menos e os propostos no decreto 105/201 que propón como idoneos o descubrimento guiado e a resolución de problemas.

Entre os máis utilizados estarán o mando directo modificado, asignación de tarefas, ensino recíproco, ensino por grupos reducidos, descubrimento guiado e resolución de problemas.

### **Peculiaridades deste curso por mor da COVID 19.**

Este curso seguiranse as directrices marcadas no protocolo Covid-19.

O uso de máscara será obrigatorio nas sesións (recomendable o seu cambio despois da práctica) e realizarase un hixienizado de mans antes e despois de realizar a sesión. Reducirase ao máximo o uso de materiais compartidos, hixienizando os utilizados en cada cambio de clase.

Suspéndense os hábitos-rutinas hixiénicas que estabamos a levar a cabo ao remate das sesións pola imposibilidade de usar os aseos en grupo.

Os pequenos grupos que se formen nas clases serán estables este curso.

## **6. MATERIAL E RECURSOS DIDACTICOS A EMPREGAR**

### **Canles de comunicación.**

Daremos información antes (dando información inicial), durante (incidindo en aspectos importantes) e despois da execución (para dar información suplementaria ou feedback). Para iso utilizaremos o canle visual, o canle auditivo e o kinestésico-táctil referido ao carácter vivencial da execución, transmitindo a información a través do propio corpo. Isto último farémolo de maneira individual evitando contactos entre o alumnado.

### **Organización da actividade semi-presencial ou non presencial.**

As propostas de actividade física para as etapas non presenciais terán como principios que o alumnado realice as tarefas coa maior autonomía posible respectando a conciliación das familias. Ditas propostas e o envío de tarefas se fose necesario levarase a cabo a través da aula virtual ata cuarto de Primaria e na plataforma E-dixgal nos niveles de Quinto e Sexto de Primaria. Se fose necesario usarase a plataforma Cisco Webex para o contacto co alumnado e familias e o correo corporativo dos mestres da materia.

En ningún momento o ensino non presencial será motivo de exclusión de familias non conectadas, facéndollo saber ao equipo Covid do Centro para que se busquen alternativas para que poidan seguir as sesións propostas ou outras similares.

### **Organización de espazos e tempos.**

Pola peculiaridade da sesión e dos espazos deste cole a organización de espazos e tempos é moi relevante. Coincidirán os tempos de distribución da sesión para evitar a distorsión da mesma coa que se comparte espazo, alternando dentro do posible os tempos de explicación das actividades e os tempos de execución.

Sempre que sexa posible **este curso non se compartirán espazos** turnándose os dous mestres no patio cuberto e o pavillón. Todo o alumnado usara ambos espazos alternativamente.

## **7. CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN E A CUALIFICACIÓN**

A avaliación será un proceso sistemático e obxectivo que avalíe tanto o proceso de ensino como o de aprendizaxe. A avaliación sempre se desenvolverá nos tres momentos principais do proceso de ensino-aprendizaxe:

Ao comezo do proceso realizarase unha avaliación inicial para diagnosticar o nivel de execucións motrices do alumnado e as posibles dificultades, así como os seus coñecementos, as súas motivacións e as expectativas e intereses para adaptar a metodoloxía ás características concretas dos noso alumnado

Durante todo o proceso de maneira continua para analizar en todo momento os progresos e as dificultades que vaian xurdindo ou producíndose. Desta maneira, poderemos ir adaptando e modificando as accións educativas para mellorar o proceso de ensino-aprendizaxe. Ao finalizar o proceso de ensino-aprendizaxe e ao rematar cada unha das unidades didácticas, realizarase unha

avaliación final ou sumativana que se avaliará a adquisición final dos estándares.

### **Procedementos de avaliación.**

Observación sistemática do traballo e da participación e integración do alumno na clase. Análise das producións do alumnado.

Alguns exercicios e/ou probas específicas asociadas a algunha das unidades, maioritariamente en quinto e sexto nivel.

Gravacións e análise dos traballos realizados sobre todo en equipo.

Autoavaliación.

### **Instrumentos de avaliación.**

Exploración de coñecementos previos e situación previa nunha avaliación inicial.

Listas de control para rexistrar accións cotidianas e o resultado dalgún estándar.

Ficha de rexistro anecdótico, onde se anotan os resultados ou accións significativas de cada sesión con frases descritivas tipo “suxire idease resolveu conflito xurdido”.

Rexistro de autoavaliación na que cada alumno incorpora os aspectos conseguidos na mellora das capacidades básicas e das execuciónsmotrices.

Produccións motrices do alumnado gravadas en video.

Xogos de simulación e dramáticos.

Postas en común dalgunha unidade didáctica levada a cabo.

Algunhas probas obxectivas de capacidade motriz, maioritariamente en quinto e sexto nivel.

Rúbricas: As rúbricas de avaliación entendidas como o nivel de adquisición de cada unha das competencias e estándares, servirán para avaliar o alumno e os seus logros dunha maneira máis detallada e obxectiva. Están especificadas nas tablas dos distintos niveles e no planing comparativo de niveles como grao mínimo de consecución do estándar para superar a área.

### **Criterios de cualificación.**

Estándares de aprendizaxe:

A avaliación trimestral estará baseada no perfil de área de cada nivel sumando a nota da consecución dos estándares despois de

aplicarlles a ponderación correspondente.

Os resultados da avaliación expresaranse nos termos de Insuficiente (IN) para as cualificacións negativas, Suficiente (SU), Ben (BE), Notable (NT) ou Sobresaliente (SB) para as cualificacións positivas. A estes termos achegaráselles unha cualificación numérica, sen empregar decimais, nunha escala de un a dez, coas seguintes correspondencias:

- Insuficiente: 1, 2, 3 ou 4.
- Suficiente: 5.
- Ben: 6.
- Notable: 7 ou 8.
- Sobresaliente: 9 ou 10.

A cualificación do curso será negativa para aquel alumnado que ao final do curso non cumpla coa consecución íntegra dos estándares marcados.

A consecución de cada estándar será avaliada con procedementos e instrumentos variados, co fin de obter os datos máis precisos posibles.

## **8. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSEÑANZA E A PRÁCTICA DOCENTE**

AVALIACION DA PRACTICA DOCENTE					
	1	2	3	4	5
Partiuse dos coñecementos iniciais do alumnado					
Explicouse con claridade					

As estratexias metodolóxicas foron diversas e adaptativas					
As actividades deseñadas atenderon distintos intereses e capacidades					
Tívoise en conta a atención ao alumnado con necesidades educativas					
Existiu unha coherencia entre as actividades deseñadas e a secuencia seguida					
A estrutura e organización da clase foi adecuada					
Houbo unha adecuación correcta de medios materiais					
Propiciouse o traballo en equipo					
Promoveuse a cooperación, respecto e autocontrol					

### **9. ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMIENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES**

Ver anexo aportado polo departamento de orientación do centro.

### **10. DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS E COLECTIVAS QUE SE PODEN ADOPTAR A CONSECUENCIA DOS RESULTADOS**

En función dos contidos a traballar e do tempo dispoñible ao principio do curso, e nalgúns ocasións ao principio dalgunhas unidades, a avaliación inicial consistirá en procedementos de observación directa con listas de control e fichas de rexistro anecdótico

onde se anoten aspectos importantes a ter en conta para a realización de actividades, maioritariamente no alumando con déficit ou NEAE.

## **11. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE**

O decreto 229/11 do 7 de decembro polo que se regula a atención á diversidade concibe a atención educativa á diversidade como o conxunto de medidas e accións deseñadas para adecuar a resposta educativa ás características, potencialidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións e intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado. Os eixos principais desta programación serán a equidade e a igualdade entendendo isto como darlle a cada persoa os apoios necesarios en función das súas necesidades e flexibilizar as actuacións para adaptalas ao alumnado e ao contexto.

En colaboración co Departamento de Orientación e dos titores correspondentes deseñaranse as actividades propostas atendendo ás necesidades do alumnado.

Os apoios produciranse en todos os casos seguindo o principio de inclusión dentro do contexto ordinario, facendo as adaptacións curriculares se fose preciso.

Ao longo do curso poden, poden xurdir patoloxías temporais como fracturas, distensións musculares ou articulares, feridas ou indisposicións puntuais que impiden a realización de actividades físicas nalgúns sesións. Durante este tempo o alumnado que as padeza poderá nalgúns ocasións realizar tarefas, tales como a inclusión, axuda e xestión da sesión, a búsqueda de información relacionada coa unidade que se está a traballar, completar modelos de sesión coas actividades realizadas polos compañeiros/as, etc.....

Nos casos de urxencias sanitarias seguirase o Protocolo de Urxencias sanitarias publicado en Novembro de 2015.

Nos casos de ACS ou Reforzos o mestre correspondente reflectiraos na súa programación de aula e haberá unha copia no departamento de orientación para a súa consulta.



## **12. CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS**

Propondranse actividades xerais sen ningún tipo de distinción sexual, cultural ou racial.

Utilizarase o diálogo para resolver conflitos xurdidos fomentando a educación para a non violencia e a paz.

Na medida do posible promoveranse actividades que axuden á concienciación da valoración, respecto e coidado da contorna, así como o seguridade na mesma.

Na medida do posible trataremos de que o alumnado coñeza e poña en práctica certas medidas de seguridade e prevención de accidentes que poidan darse durante a práctica de actividade física.

Colaboraremos ao desenvolvemento da autonomía, do emprendemento e iniciativa persoal ao mellorar o coñecemento do corpo e do contorno e as posibilidades de movemento.

Axudarase á correcta expresión oral ao estar presente na comunicación co alumnado en todas as sesións.

Nalgunhas actividades concretas fomentarase a utilización das TIC e a comunicación audiovisual con alumnado con publicacións dixitais, grabacións...

Asimesmo, na medida do posible e en colaboración cos demais mestres/as, serán tratados na programación os seguintes aspectos a comprensión lectora e a expresión escrita

## **13. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIA PROGRAMADAS**

Participarase nas actividades complementarias organizadas dentro do nivel de calquera tipo de temática, tanto as que sexan realizadas dentro ou fóra do recinto escolar e sempre dentro do horario lectivo. Nas actividades que sexan celebradas dentro do centro como conmemoración dalgún día educativo especial ou festividade, a área de Educación Física, se é necesario e na medida do posible, poderá participar na axuda da preparación de actividades e/ou xogos axeitados.

En función dos recursos e na medida do posible, participarase no Xogade con centros escolares próximos, poderase realizar algunha

ruta de sendeirismo e algunha actividade deportiva específica con colaboración de clubs deportivos.

#### **14. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADEMICOS E PROCESOS DE MELLORA**

A revisión da programación levarase a cabo ao rematar cada unidade didáctica reaxustando e temporalizando os aspectos que fosen precisos para adecualos ao contexto e ás necesidades do alumnado.

Na memoria final do curso farase unha análise dos cambios introducidos, as causas posibles e as propostas de mellora de cara ao seguinte curso.

AVALIACION DA PROGRAMACIÓN					
	1	2	3	4	5
Contribuí a acadar as competencias clave					
Os obxectivos plantexados foron axeitados					
Traballáronse todos os contidos					
Os mínimos concretados para os estándares foron axeitados					
A metodoloxía foi activa e participativa					
As NEAE foron tratadas axeitadamente					

As actividades foron axustadas aos obxectivos e contidos, recursos e tempos previstos					
As actividades foron axustadas aos recursos dispoñibles e tempos previstos					
Os materiais e recursos foron variados					
Os materiais e recursos foron adaptados as necesidades individuais					
A temporalización planificada axustouse á práctica					
A os criterios de avaliación foron axeitados					
Os elementos transversais foron traballados					
Tivéronse en conta os plans de centro					

## **15. CONTRIBUCIÓN AOS PLANS DE CENTRO**

### **Plan de actividades extraescolares e complementarias**

Participarase nas actividades complementarias organizadas dentro do nivel de calquera tipo de temática, tanto as que sexan realizadas dentro ou fóra do recinto escolar e sempre dentro do horario lectivo. Nas actividades que sexan celebradas dentro do centro como conmemoración dalgún día educativo especial ou festividade, a área de Educación Física, se é necesario e na medida do posible, poderá participar na axuda da preparación de actividades e/ou xogos axeitados.

### **Plan lingüístico**

A lingua de comunicación cos alumnado será o galego. Fomentarase entre o alumnado o respecto pola súa propia lingua. Tentarase

que o alumando faga un uso correcto da lingua, evitando castelanismos ou erros frecuentes.

### **Plan lector**

Nalgunha ocasión ao longo do curso poderase presentar algunha actividade onde haxa algún texto a ler. Poderase facer en ocasións lectura individual e/ou colectiva sobre as regras de xogos, deportes, a hixiene no deporte, importancia do quecemento e estiramento, alimentación saudable...

### **Plan TIC**

Poderase facer algunha presentación audiovisual de actividades físicas ou deportes concretos. O alumnado poderá utilizar as TIC para buscar información sobre algún dos contidos da programación.

